

Procedemento para a solicitude de devolución de cotas das escolas deportivas municipais na piscina municipal e pavillón a xunqueira afectadas polo peche da folga.

PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR A DEVOLUCIÓN

Todos aqueles usuarios/as que viran interrompida a actividade por causa do peche das instalacións, poderán se así o desexan, solicitar a devolución da parte proporcional da cota pagada durante o mes que non puideran asistir a ela por causas imputables ao concello.

Lugar de presentación de solicitudes:

- Administración de instalacións deportivas municipais no pavillón A Xunqueira.
- Rexistro xeral do concello.

USUARIOS NON DOMICILIADOS (pagamento mensual).

A solicitude de devolución dos días correspondentes aos meses de decembro e xaneiro poderán facelo dende xa.

A solicitude de devolución dos días correspondentes ao mes de febreiro ou se desexan facer a dos tres meses, a partir do día 1 de marzo.

O prazo estará aberto durante todo o curso 2009/2010 e segundo reflite a lei ate os 4 anos dende que se fixo efectivo o pagamento da actividade.

Documentación a achegar polo usuario, no momento de tramitar a solicitude de devolución.

- Recibo orixinal de ter feito o pagamento do mes sobre o que presenta a súa reclamación
- Acreditación da conta bancaria ou fotocopia da primeira folla da cartilla do banco no que desexen que lles fagan efectiva a devolución.
- Solicitude de devolución polo período reclamado, en caso de facela no pavillón A Xunqueira, facilitaralla a persoa encargada de iniciar o trámite.
- En caso de que o usuario/a sexa menor de idade: fotocopia do D.N.I. ou do libro de familia (das follas do neno/a e dos pais/nais).

USUARIOS DOMICILIADOS (pagamento trimestral)

A solicitude de devolución do mes de decembro poderán facela achegando o recibo de pagamento do primeiro trimestre.

A solicitude dos meses de xaneiro e febreiro poderán facela unha vez teñan pagado o 2º trimestre, presentando o recibo correspondente.

Documentación a achegar polo usuario, no momento de tramitar a solicitude de devolución.

- Recibo orixinal ou autorización para empregar os datos obrantes no concello.
- Acreditación da conta bancaria ou fotocopia da primeira folla da cartilla do banco no que desexen que lles fagan efectiva a devolución, se esta é distinta da conta na que teña domiciliado o pagamento
- Solicitude de devolución polo período reclamado, en caso de facela no pavillón A Xunqueira, facilitaralla a persoa encargada de iniciar o trámite.

O concello de Fene quere agradecer a comprensión que tiveron tódolos/as usuarios/as que nalgún momento se viran afectados polos peches das instalacións.